

# Liceo Franciscano

REVISTA DE ESTUDIO E INVESTIGACIÓN



# **LICEO FRANCISCANO**

REVISTA DE ESTUDIO E INVESTIGACIÓN

Santiago de Compostela

Año LXXIII (3<sup>a</sup> Época)

Enero - Junio 2023

Núm. 220

## ÍNDICE

Presentación	9
• <i>Historia, arte y patrimonio</i>	
PRISCILIANO DE GALAECIA, FITOS E MITOS <i>Carlos Barros</i>	13
A RENDA DE SANTA LOCAIA E PASADÁN NA IDADE MEDIA <i>M.ª Beatriz Vaquero Díaz</i>	43
UNAS NOTAS SOBRE EL PINTOR NOIÉS IGNACIO TIBURCIO FREIRE (1699-1781) <i>Luis Ángel Bermúdez Fernández</i>	69
DESAMORTIZACIÓN, EXCLASTRACIÓN Y GUERRA CIVIL: LA PÉRDIDA DE PATRIMONIO DOCUMENTAL DE LA ORDEN FRANCISCANA DE VALENCIA <i>Alberto Marín Pastrana</i>	87
• <i>Teología y Espiritualidad</i>	
"PARA QUE TEÑAN VIDA": A REGLA BULADA DE SAN FRANCISCO <i>Martín Carbajo-Núñez</i>	107
CARISMA Y OBRAS PROPIAS A LA LUZ DEL MAGISTERIO DEL PAPA FRANCISCO: REPENSANDO LA ECONOMÍA <i>Fr. José Rodríguez Carballo</i>	133
• <i>Filosofía y Pensamiento</i>	
A FRATERNIDADE EN <i>FRATELLI TUTTI</i> E NA ESPIRITUALIDADE FRANCISCANA: PUNTOS DE ENCONTRO <i>Martín Carbajo Núñez</i>	161

• Memoria Franciscana

PROVINCIALES DE LA RESTAURACIÓN DE LA PROVINCIA DE SANTIAGO

P. MARTÍN MANTEROLA LAZCANO (1871-1931)

*Juan Manuel Buján García*

189

A intención de Francisco ao escribir a Regra podería expresarse coa frase bíblica: "Eu vin para que teñan vida e para que a teñan de abondo" (Xo 10,10). Efectivamente, Francisco escribea para que todos os seus frades poidan ter en abundancia a vida en Cristo que abrazaron. Máis que un texto xurídico é un documento histórico, espiritual, que debe ser encadrado naquel contexto, tendo en conta a intencionalidade con que foi escrito.

A pesar de todo, durante séculos, a Regra foi vista como un texto prevalentemente xurídico con máis de 24 mandatos, 17 consellos, etc.<sup>7</sup> Chegouse a afirmar que fora "ditada" por Cristo<sup>8</sup>. Ao facer a profesión relixiosa, os frades fan voto de observala, xunto cos tres consellos evanxélicos, e, por tanto, considerábase pecado mortal o transgredir os preceptos que nela se identificaron. O "Werkbuch zur Regel des Heiligen Franciskus", publicado en Alemaña o ano 1955, "pode ser considerado como o primeiro intento serio e orgánico de explicar a Regra desde outros parámetros distintos aos esquemas xurídicos tradicionais"<sup>9</sup>.

O Concilio Vaticano II promoveu un estilo de vida relixiosa más fraterno e deixou de interpretar os textos lexislativos con mentalidade casuística, para os ler á luz daquilo que os fundadores viviran e quixeran expresar. Neste novo contexto, a Regra franciscana deixa de ser vista prevalentemente como unha normativa, para poñela en relación co dinamismo vital e fraterno que ela propón e impulsa.

A primeira parte deste artigo presenta a Regra como o camiño vital que leva os franciscanos a "observar" o Evanxeo. A autoridade debe estar ao servizo dese proceso vital (2ª parte) e, por tanto, os "ministros e servos"

<sup>7</sup> O Papa Clemente V identifica 24 preceptos na Rb. CONCILIO DE VIENA, «"Exivi de Paradiso". Constitución» (6.05.1312), COD 392-401; cf. SEDDA Filippo, «*Exivi de Paradiso: la conciliazione di una storia contrastata*», en Frate Francesco 83/1 (2017) 137-159; RACCA Giorgio, *La Regola dei frati minori*, Porziuncula, Assisi 1986, 15-16. D. I. Velásquez distingue, ademais dos tres votos, 25 preceptos que obrigan baixo pecado mortal (VELÁSQUEZ Daniel Ignacio, *La Regla de los Frailes Menores*, Cali 1949, 29 ss.). Outros elevan o número de preceptos a 28, 39 e ata 61. URIBE F., *La Regla de San Francisco*, 36-37, nota 57.

<sup>8</sup> Cara ao ano 1325, Ángel Clareno escribia: "Conforme a la revelación que le hizo Cristo, Francisco se retiró al eremitorio de Fonte Colombo... Allí es donde escribió la Regla que le reveló Cristo, no poniendo en ella nada de lo que se le ocurriera a él mismo, sino escribiendo solamente lo que Cristo Jesús le revelaba desde el cielo". CLARENO Ángel, «Libro de las tribulaciones» citado en DESBONNETS T., *De la intuición a la institución*, 9 (cf. FF 2113-2199/8, aquí 2179) ; cf. BONAVENTURA, «*Lenda maior*» [LegM] 4,11 (FF 396-510); LP 17 (FF 1563); «*Espello de perfección*», [Spec], 1 (FF 1677-1825).

<sup>9</sup> URIBE F., «Comentar hoy la Regla franciscana», en *Collectanea Franciscana* 76 (2006) 119-160, aquí 120.

LICEO FRANCISCANO  
Núm 220 (Enero-Junio 2023), pp. 161-188  
ISSN 0211-4011  
e-ISSN 2530-917X  
D.L. C755-2003

## *Filosofía y Pensamiento*

### **A FRATERNIDADE EN *FRATELLI TUTTI* E NA ESPIRITUALIDADE FRANCISCANA: PUNTOS DE ENCONTRO**

→ Martín Carbajo-Núñez\*

\* Pontificia Università Antonianum  
ISTM, Alfonsianum  
FST - University of San Diego (USA)  
[mcarbajo@sandiego.edu](mailto:mcarbajo@sandiego.edu)

## A FRATERNIDADE EN *FRATELLI TUTTI* E NA ESPIRITUALIDADE FRANCISCANA: PUNTOS DE ENCONTRO

### **RESUMEN:**

Este artículo muestra algunos puntos de encuentro entre la perspectiva franciscana y la encíclica *Fratelli tutti* sobre el tema de la fraternidad. El Papa enseña que “fue el testimonio evangélico de san Francisco, con su escuela de pensamiento, quien dio al término fraternidad el significado que ha conservado a lo largo de los siglos”. La primera parte se focaliza en cómo Francisco de Asís y la Tradición franciscana lo han desarrollado. La segunda parte estudia cómo lo presenta la encíclica *FT*. Se subraya que tanto la Tradición franciscana como la encíclica *FT* ofrecen una perspectiva trinitaria y cristológica que supera la forma habitual de entenderlo en nuestra sociedad.

**Palabras clave:** Fraternidad, Diálogo, Tradición franciscana, Francisco de Asís, *Fratelli tutti*

### **ABSTRACT:**

This article presents some points of convergence between the Franciscan perspective and the encyclical *Fratelli tutti* on fraternity. The Pope teaches that “it was the evangelical witness of St. Francis, with his school of thought, that gave the term fraternity the meaning it then preserved over the centuries.” The first part of the article focuses on how Francis of Assisi and the Franciscan tradition have developed the concept of fraternity. The second part studies it on the encyclical *Fratelli tutti*. It is emphasized that both the Franciscan tradition and *Fratelli tutti* offer a Trinitarian and Christological perspective that goes beyond the usual way of understanding it in our society.

**Keywords:** Fraternity, Dialogue, Franciscan tradition, Francis of Assisi, *Fratelli tutti*

---

Recibido/Received: 13/07/2022

Aceptado/Accepted: 12/01/2023

Este artigo mostra algúns puntos de encontro entre a perspectiva franciscana e a encíclica *Fratelli tutti*<sup>1</sup> sobre o tema da fraternidade. Desta forma, completamos o estudo que comezamos con dous artigos anteriores<sup>2</sup>. Algúns autores afirman que “a fraternidade é un concepto tipicamente cristián, amplamente desenvolto pola escola de pensamento franciscana”<sup>3</sup>. Esta escola atribuiría á fraternidade “o significado que despois conservou no curso do tempo”<sup>4</sup>. Tentaremos poñer de relevo estas raíces franciscanas.

O concepto de fraternidade é complexo e úsase con significados moi distintos. A Revolución Francesa, por exemplo, acuñou a expresión: “Liberdade, igualdade, fraternidade”, que continúa a ser o lema nacional da Francia. A fraternidade é aquí un concepto laico, baseado no feito verificable de que todos os seres humanos comparten unha natureza común e, por tanto, deben ter os mesmos dereitos.

Os revolucionarios franceses déronse conta pronto de que a fraternidade era un concepto incómodo, que contrastaba fortemente coa tendencia centralizadora do Estado e coa dinámica de confrontamento que a súa revolución xerara. En 1835, Alexis de Tocqueville explicou por que o concepto era difícil de manter:

<sup>1</sup> PAPA FRANCISCO, «*Fratelli tutti. Carta encíclica sobre a fraternidade e a amizade social*», [FT], (3.10.2020), *Librería Editrice Vaticana [LEV]*, Cidade do Vaticano 2020. No corpo de texto, citaremos esta encíclica só cos números entre parénteses e faremos nós a tradución ao galego dos textos do Maxisterio eclesiástico e das fontes franciscanas.

<sup>2</sup> CARBAJO-NUÑEZ M., «A fraternidade na encíclica *Fratelli tutti. Raíces Franciscanas*», in *Liceo Franciscano* 217 (2021) 85-108-20; Id., ««O Señor deume irmáns». Francisco de Asís, inspirador da encíclica *Fratelli tutti*», en Encrucillada (2022) 55-79. Este artigo será publicado tamén en inglés.

<sup>3</sup> “La fraternità è un concetto tipicamente cristiano, ampiamente sviluppato dalla Scuola di pensiero francescana [...]. La parola fratellanza invece viene introdotta nel lessico popolare dopo la Rivoluzione Francese. Quindi sono due concetti diversi. Mentre la fraternità presuppone una comune origine, la fratellanza si basa piuttosto su un comune sentire”. Stefano Zamagni, citado en: MAUSSIER B. (ed.), *Il mondo in divenire, Un dibattito aggiornato sulle previsioni di Jacques Attali*, Armando editore, Roma 2020, 301.

<sup>4</sup> ZAMAGNI S., *L'economia del bene comune*, Città Nuova, Roma 2007, 6. «È stata la scuola di pensiero francescana a dare alla parola fraternità il significato che essa ha poi conservato nel corso del tempo». *Ibid.*

"O despotismo, medroso por natureza, ve no illamento dos homes a maior garantía da súa propia duración, e por tanto dedícalle os seus maiores esforzos. Non hai ningún vicio do corazón humano que lle agrade tanto como o egoísmo; un déspota perdoa facilmente aos gobernantes a súa falta de afecto, con tal de que tampouco se estimen entre si. Non lles pide axuda para xestionar o estado; bástalle con que eles non pretendan dirixilo<sup>5</sup>.

De feito, a orde pos-revolucionaria abandónao pronto, "até á súa retirada do léxico político-económico"<sup>6</sup>. A fraternidade tampouco ten cabida na ideoloxía marxista que xustifica a loita de clases para poder chegar a unha sociedade igualitaria no futuro. "O home que vive no presente é sacrificado ao Moloch do futuro<sup>7</sup>.

Na primeira parte deste artigo, estúdase como Francisco de Asís e a Tradición franciscana desenvolveron o concepto de fraternidade. Na segunda parte, analízase a forma como é presentado na encíclica *FT*. Sublíñase que tanto a Tradición franciscana como a encíclica *FT* ofrecen unha perspectiva trinitaria e cristológica que vai alén da forma habitual de entendelo na nosa sociedade. Necesitamos ir máis aló da ideoloxía liberal actual, que relega as relacións familiares á esfera privada e abusa da natureza<sup>8</sup>.

## ► A FRATERNIDADE NA TRADICIÓN FRANCISCANA

A fraternidade é un aspecto fundamental da identidade e do carisma franciscanos. Francisco de Asís chama aos seus frades "irmáns" e usa con moita frecuencia o termo *frater*. Adoita evitar termos abstractos, polo que non é sorprendente que utilice a palabra "fraternidade" só dez veces e a refira sempre á "Orde dos Frades Menores", ou sexa, ao grupo de frades que seguen o mesmo ideal. Francisco gustáballe o concepto e, de feito, logrou incluílo na Regra bulada (4 veces) e no testamento (2 veces), a pesar de que entón non era un termo xurídico.

<sup>5</sup> TOCQUEVILLE A. de, *La democracia en América*, Sarpe, Madrid 1984, 92.

<sup>6</sup> PAPA FRANCISCO, «A fraternidade, principio regulador do orde económico. Mensaxe á Academia pontificia de ciencias sociais», (24.04.2017), n. 1, en *L'Osservatore Romano*, [OR], 99 (29.04.2017) 7; "Quando il padre-re viene ucciso, i rivoluzionari giacobini dovranno rinunciare [...] all'idea stessa di fraternità". BAGGIO A.M. (ed.), *Il principio dimenticato. La fraternità nella riflessione politologica contemporanea*, Città Nuova, Roma 2007, 35.

<sup>7</sup> BIEITO XVI, «*Deus caritas est. Carta encíclica*» (25.12.2005), [DC], 31b, en *Acta Apostolicae Sedis*, [AAS], 98 (2006) 217-252.

<sup>8</sup> PAPA FRANCISCO, «*Laudato si'. Carta encíclica*», (24.05.2015), [LS], n. 215, en *AAS* 107 (2015) 847-945.